

FONDO LIBROS E AXUDAS DE MATERIAL 2017-2018

Estas instrucións corresponden ó Fondo de Libros subvencionado pola Consellería de Educación e xestionado na Secretaría do centro (orde do 16 de maio, publicado no DOG 22-52017). Non confundir co Banco de Libros da ANPA.

- **QUEN O PODE SOLICITAR:**
 - Alumnado que vaia matricularse en calquera dos catro cursos da ESO o vindeiro curso.
- **TIPOS DE AXUDA:**
 - 50€ en material: renda per cápita inferior a 5400€
 - Reparto de libros que hai no fondo: ós de renda máis baixa, por orde ata agotar existencias. Garántense 6 libros se a renda per cápita é inferior a 5400€ e 4 libros se é inferior a 9000€.
- **CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA:**
 - Ingresos totais do ano 2015 dividido entre os membros computables.
 - Se presentou declaración da renda, súmanse as casillas 380 e 395
 - Os membros con discapacidade igual ou superior ó 33% contan dobre.
- **CONDICIÓNS:**
 - **Devolver antes do 23 de xuño de 2017** (se aprobaron a materia) **ou 7 de setembro** (se teñen que facer exame en setembro) os libros que foron prestados no curso 2016-2017 e os libros que foron comprados co vale no mesmo curso.
 - Conservar o bo estado os libros que se reciban, para poder devolvelos en xuño de 2018.
- **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**
 - **Prazo: ata o 23 de xuño.**
 - Lugar: o centro onde se vaia matricular no curso 2017-18. Se fixo solicitude de admisión e aínda non se lle adxudicou destino, preséntase no centro onde estea matriculado no curso 2016-17.
 - Se son varios alumnos no mesmo centro, só se fará una solicitude por todos eles.
- **DOCUMENTACIÓN:**
 - Libro de familia con todos os membros
 - Calquera certificado que acredite discapacidade ou outras alegacións